

diferentes, coido que pasan dos setemil. A verdadeira curiosidade é que non merquei ningún, pois o mérito está en que os atopo por Madrid en diante.

barcos afundidos o igual que algún eslabón que gardo coidadosamente e que pesan trescentos quilos. Podemos comprobalo.


- A pregunta casi ven preparada pola súa anterior resposta. ¿Indagou, algunha vez si tódolos tornillos viñan de aparatos esparapapillados ou se lle caerían a algunha persoa?

- Pode ser que algún proceda de persoas, personaxes ou personiñas. Nembargantes, paréceme que os máis deles veñen de vehículos. Na colección teño uns poucos que viñeron de

Ante o meu asombro, penetro nun auténtico museo onde están expostos milleiros de tornillos debidamente ordenados, os famosos eslabóns,

unha ducia e media de pedras das que se usaban nas fábricas de salazón para prensar os tabales das sardiñas, barbas de balea, un trebello a modo de embudo que se usaba para colar o aceite das baleas, e miles de outras cousas que non me atrevo a nomear para non mete-la pata.

**Teño unha colección de máis de setemil tornillos atopados na rúa**



*Mapa de la Ría y Puerto de Corcubión, con el Sondeo echo en 22 de Mayo de 1754. Explicación.*

*A. Bataría del Cardenal en la Punta de Cantelo, empezada el año de 1710. B. Bat. del Príncipe en la Punta de la Jerez, empezada el mismo año de 40. C. Bataría proyectada en la Punta del Espino. D. Bataría proyectada en la Punta del Fiezo. Nota: Los números de la Sonda significan Braças de dos Varas Castellanas cada una.*

*Coruña 4 de Junio de 1754*

Entre o milleiro de curiosidades co Sr. Xoubanova garda coidadosamente, está este mapa da Ría e Porto de Corcubión datado no ano 1754